

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DAS OFICINAS DE PONTEAREAS DA REDE SMARTPEME PONTEVEDRA.**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:**

Pontevedra/Ponteareas,

### Interveñen

Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dona María Cristina Fernández Davila, alcaldesa do Concello de Ponteareas, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

### Expoñen

**Primeiro.** Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

**Segundo.** Que a Deputación presta as labores de fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial e prestación dos servizos de administración electrónica, de acordo coas competencias previstas no art. 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL) e no art. 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

**Terceiro.** Para o impulso do crecemento económico na provincia, é preciso mellorar a competitividade das súas empresas. Por este motivo a Deputación de Pontevedra conta cunha rede de oficinas que conforman a rede SmartPeme Pontevedra co obxectivo de que as persoas emprendedoras, autónomas e as PEMES da provincia reciban, de xeito personalizado, información, asesoramento, capacitación e apoio no eido das TIC, así como avanzar no uso eficiente das tecnoloxías da información e das comunicacións, como ferramenta de mellora da produtividade e da competitividade empresarial, realizando accións de acompañamento tecnolóxico a través de distintas canles (presencial, virtual ou telefónica).

**Cuarto.** Do mesmo xeito, a rede pon a disposición un conxunto de recursos que facilitan unha mellor utilización dos servizos tecnolóxicos e fomenten o traballo en rede entre os distintos axentes do territorio, persoas emprendedoras, empresas, asociacións empresariais, axentes de desenvolvemento local, empresas do sector tecnolóxico e outros, constituíndose en puntos de encontro entre empresas.



**Quinto.** Que o concello de Ponteareas (en adiante o Concello) dispón dunhas oficinas para a realización de actividades de promoción empresarial e emprendemento, situadas no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas e no Edificio de Servizos Sociais en Ponteareas.

**Sexto.** Que as partes asinantes subscribiron un convenio de colaboración para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas e no Edificio de Servizos Sociais en Ponteareas cuxa vixencia remata en data 20 de febreiro de 2023.

**Sétimo.** Que durante o período no que se produxo a colaboración entre as partes no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas e no Edificio de Servizos Sociais en Ponteareas, programáronse 163 talleres formativos en materias tecnolóxicas dentro do ámbito empresarial con 1824 asistentes, ademais da realización de 989 asesoramentos personalizados a persoas autónomas, emprendedoras e PEMES do concello de Ponteareas.

**Oitavo.** Que é de interese para as partes continuar ofrecendo actividades de promoción empresarial e o emprendemento ao tecido económico e empresarial de Ponteareas.

**Noveno.** Que as partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como "convenio") con suxeición ás seguintes:

### Cláusulas

#### Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponteareas para a realización de actividades da rede SmartPeme Pontevedra de promoción empresarial e o emprendemento no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas e no Edificio de Servizos Sociais en Ponteareas.

#### Segunda. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

1. Prestar os servizos de información e asesoramento presencial e personalizado previstos na rede SmartPeme Pontevedra para a promoción empresarial e o emprendemento ás persoas emprendedoras, autónomas e ás PEMES, que se realizarán, como mínimo dúas veces ao mes, sempre que exista demanda por parte do tecido empresarial do Concello de Ponteareas
2. Subscrición dun seguro de responsabilidade civil e accidentes de traballo que cubran os riscos para o persoal asesor de SmartPeme aos que poidan incurrir no desenvolvemento das actividades.
3. Responsabilizarse do coidado e mantemento axeitado dos espazos cedidos para o desenvolvemento das actividades da rede SmartPeme Pontevedra.
4. Subscribir unha póliza de responsabilidade civil a terceiros que dará cobertura a realización das actividades obxecto deste convenio e terá vixencia durante o período



contractual. Se a contía dos danos excedese da cobertura do seguro, tal exceso sería de enteira responsabilidade da Deputación de Pontevedra.

### **Terceira. Obrigas do Concello de Ponteareas**

O Concello comprométese ao seguinte:

1. Facilitar o desenvolvemento das actividades previstas na cláusula anterior, de xeito gratuíto, no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas e no Edificio de Servizos Sociais en Ponteareas durante o período de execución deste convenio de colaboración ou das súas posible prórrogas.
2. Exercer un papel activo nas actividades de divulgación e captación de interesados/as.
3. Asumir os custos da electricidade, auga e limpeza das instalacións no que se desenvolverán as actividades.
4. Facer que estes espazos sexan totalmente accesibles para as persoas con discapacidade, permitindo a súa adaptación sobre a base de criterios DALCO (acrónimo de Deambulación, Aprehensión, Localización e Comunicación).
5. Proporcionar á Deputación a conectividade a internet para os equipos utilizados polo asesor tanto na oficina como nos obradoiros formativos.

### **Cuarta. Responsabilidades**

A Deputación de Pontevedra exime de toda responsabilidade ao Concello polos danos e lesións que nas cousas ou nas persoas se causen como consecuencia da realización de actividades previstas no presente convenio.

### **Quinta. Cesión de competencias**

Este convenio non implica unha cesión á Deputación de espazos claramente identificados e delimitados para o seu uso exclusivo pola rede SmartPeme da Deputación, senón que o concello autoriza á Deputación a utilizar de forma xeral as instalacións.

Deste xeito, non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra, nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.

### **Sexta. Acceso de visitantes e identificación**

O Concello resérvase o dereito para denegar a admisión ao Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas e ao Edificio de Servizos Sociais en Ponteareas de calquera persoa cuxa presenza poida ser considerada prexudicial para a seguridade, reputación e intereses do mesmo, da propiedade ou dos ocupantes, sen vulneración de dereitos fundamentais. Os cesionarios deberán colaborar nesta acción cando sexan requiridos para iso.

Calquera persoa que acceda ou permaneza no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas e no Edificio de Servizos Sociais en Ponteareas estará obrigada, a petición do



persoal responsable do centro, a identificarse e xustificar a súa presenza.

### **Sétima. Seguimento dos traballos**

Para avaliar o desenvolvemento do convenio e velar así polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de composición paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dúas persoas representantes, unha por parte da Deputación de Pontevedra e outra por parte do Concello de Ponteareas, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A súa composición será a seguinte:

- Pola Deputación de Pontevedra, a persoa deputada provincial con competencias en materia de SmartPeme, ou a persoa na que delegue.
- Polo Concello de Ponteareas, a persoa que exerza a súa Alcaldía ou Presidencia, ou a persoa na que delegue.

A presidencia exerceraa a persoa deputada provincial con competencias en materia de SmartPeme, ou a persoa na que delegue.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será ocupada pola persoa na que delegue

### **Oitava. Modificacións do convenio**

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **Novena. Extinción**

O presente acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Ademais, serán causas de resolución do acordo as seguintes:

1. Cumprimento da prestación dos servizos de información e asesoramento para a promoción empresarial e o emprendemento da rede SmartPeme Pontevedra para as persoas emprendedoras, autónomas e as PEMES.
2. Cumprimento do prazo de vixencia.
3. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.

4. Acordo das partes asinantes despois dunha reunión da Comisión de seguimento.
5. Incumprimento das obrigas dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con quince días de antelación.

En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.

#### **Décima. Réxime xurídico e lexislación aplicable**

O presente Convenio ten natureza administrativa e rexeráse polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Non lle será de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do acordo, será de aplicación o disposto no propio acordo, e na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, os principios da Lei de Contratos do Sector Público, e o resto do ordenamento xurídico e a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos do presente acordo, a través da Comisión de seguimento establecida na cláusula sétima. En caso de non ser posible unha solución amigable, e resultar procedente litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver devanditas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **Décimo Primeira. Réxime económico**

As actuacións recollidas neste acordo están incluídas no alcance do contrato adjudicado, mediante procedemento aberto, do servizo de evolución e xestión da rede SmartPeme de Pontevedra expte. nº 2021041034.

#### **Décimo Segunda. Entrada en vigor e vixencia do acordo**

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá vixencia ata o 20 de febreiro de 2024, data de finalización do contrato do servizo de evolución e xestión da rede SmartPeme de Pontevedra expte. nº 2021041034, que da soporte ao convenio.

Na medida en que ambas as partes o conveñan poderase prorrogar de forma expresa, a través da correspondente addenda, por períodos anuais, inferiores ou superiores, ata un máximo de 4 anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de



acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e co resto da normativa aplicable.

### **Decimo Terceira. Notificación electrónica**

Tomando en consideración que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos e, por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, as notificacións realizaranse só por medios electrónicos.

### **Décimo Cuarta. Remisión do Convenio ao Tribunal de Contas**

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente Convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.

Despois de ler as dúas partes, este convenio asínano como proba de conformidade as persoas interviñentes.

Documento asinado dixitalmente.